

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS  
18 - 19



# UNIDADE DIDÁCTICA *ELAS BRAVAS!*

Luns 25 de marzo, 10 e 12 h. Sala Mozart (Auditorio de Galicia)  
Alumnado de 1º, 2º e 3º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)



## INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2018-2019

---

A sesión *ELAS BRAVAS!*, dirixida a alumnado de 1º, 2º e 3º cursos da ESO e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 4º das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 3º curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



### Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos as sesións de cine, é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:

.- **Presentación dos contidos.**

.- **Exhibición dos contidos.**

.- **Actividades sobre as pezas exhibidas** como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión *ELAS BRAVAS!* terá lugar o luns 25 de marzo.

Por outra banda están as accións de mediación como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:

.- **temáticos** (que é o que imos ver? que conta a historia?)

.- **de contextualización** (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

.- **técnicos** (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)

Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



## Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 3ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música e a danza.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na escolla dos contidos e implementación do programa.

## INFORMACIÓN SOBRE A 4ª SESIÓN ELAS BRAVAS!



### Que nos imos atopar nesta 4ª sesión ELAS BRAVAS!?

*ELAS BRAVAS!* pretende ser por 2º ano consecutivo unha celebración da presenza feminina no audiovisual, tanto a nivel de creación (directoras, produtoras, actrices...) como a nivel de perspectiva de xénero nas historias. Nesta sesión as protagonistas serán ELAS, en filmes con protagonistas femininas e/ou cuxas historias están contadas dende a súa perspectiva, e coñecemento tamén de mulleres importantes (e bravas!) da industria audiovisual.



Este curso a proposta concíbese para alumnado de Educación Secundaria entre 12 e 15 anos, maiores que no curso pasado, pois considérase que tanto a temática como os contidos, algúns deles recuperados, son de especial de interese para alumnos/as que están na preadolescencia e adolescencia.

Como en sesións anteriores, neste programa non pretendemos só que o alumnado acceda como espectadores e espectadoras pasivos a estes contidos, senón **facen dos mozos e mozas público activo e con criterio**, polo que antes do visionado haberá unha presentación dos materiais que imos ver e despois do mesmo unha sesión de cinefórum mozo guiada pola mediadora do programa, na que poñeremos en común opinións sobre as pezas, así como afianzaremos algúns dos piares temáticos e técnicos dos contidos que acabamos de ver.

Para esta última parte da sesión contaremos coa presenza da directora Olga Osorio, cuxa curtametraxe *Einstein-Rosen* forma parte da batería de contidos de ELAS BRAVAS! Con ela, ademais de debullar polo miúdo os detalles técnicos e narrativos desta peza, falaremos da industria audiovisual en clave de xénero: como é traballar como creadora nun eido no que historicamente as historias estiveron contadas por homes e dende a perspectiva dos homes.



## Que contidos específicos veremos en *ELAS BRAVAS!*?

Esta 4º sesión temática da proposta neste curso 2018-2019 será variada en contidos e temáticas, contando finalmente con **5 pezas audiovisuais: 3 curtametraxes, unha peza de non ficción e varias escenas dunha longametraxe**. Foron creadas e dirixidas por mulleres profesionais do audiovisual 4 delas, e a 5ª (*O Milagre de Ana Sullivan*) é un filme protagonizado por unha muller forte, profesional e independente que existiu ademais na vida real e foi pioneira na súa profesión.

A continuación desglosamos os contidos desta sesión:

**Título:** O MURO SEN FINAL (*The Neverending Wall*)

**País:** España / Alemania.

**Ano:** 2017.

**Duración:** 11:56 min.

**Dirección:** Silvia Carpizo.

**Sinopse:** *The neverending wall* pretende denunciar a existencia de muros a través dun percorrido emocional do noso personaxe, Seele (Alma), interactuando cos elementos dos grafitis da East Side Gallery, no Muro de Berlín. Seele representa a busca de todo ser humano da súa propia liberdade, a pesar dos muros que nos impoñan.



**Título:** *EINSTEIN-ROSEN*.

**País:** España.

**Ano:** 2017.

**Duración:** 09:07 min.

**Dirección:** Olga Osorio.

**Sinopse:** Verán do ano 1982. Teo e Óscar saen a xogar á praza. Teo está seguro de ter atopado un burato de verme (un atallo no espacio-tempo) pero o seu irmán non o cre. Polo menos de momento... Que pasaría se os nenos, xa convertidos en adultos, logran a





resposta sobre se esta ponte de Einstein-Rosen realmente existiu?

**Título:** O MILAGRE DE ANA SULLIVAN (*The Miracle Worker*)

**País:** Estados Unidos (EUA)

**Ano:** 1962.

**Duración:** 107 min.

**Dirección:** Arthur Penn.

**Sinopse:** Unha familia contrata a Ana Sullivan para educar a Helen, una nena sorda e cega. Un trauma infantil e un escuro complexo de culpa pola morte do seu irmán impulsan á mestra a redimirse por medio da educación da nena. A incompetencia e a negligencia dos pais fixeron de Helen unha nena malcriada e incapaz de someterse a disciplina de ningunha clase: toda comunicación con ela semella imposible. A adolescente vive illada nun mundo propio completamente alleo ás demais persoas. Aínda así Ana Sullivan conseguirá, con moita paciencia e rigor, romper esa burbulla, ese illamento.



**Título:** MULLERES INVISIBLES (*Mujeres invisibles*)

**País:** España.


**Ano:** 2015.

**Duración:** 02:15 min.

**Dirección:** Rebeca Calle.

**Sinopse:** *Mujeres Invisibles* é unha peza creada pola CIMA (Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales) para visibilizar o papel das mulleres creadoras e técnicas da industria audiovisual (cine, televisión, publicidade, contidos multimedia)

Por medio dunha serie de entrevistas a profesionais de distintos eidos podemos comprobar como a cota de visibilidade e postos de responsabilidade, por exemplo a nivel de dirección de contidos, sigue sendo *demoledoramente* masculina.



**Título:** O GATO SELFIE (*Selfie Cat*)


**País:** Francia.

**Ano:** 2015.

**Duración:** 03:20 min.

**Dirección:** Elsa Divet, Geoffrey Assie e Emeline Bernard.

**Sinopse:** A historia dun gato e a súa dona, os dous *influencers*. Ela está obsesionada por ter o maior número posible de seguidores/as nas súas redes pero o seu gato é... un gato. E como todo o mundo sabe, os gatos fan o que queren e cando queren...





## Como será a organización da sesión *ELAS BRAVAS!*?

A estrutura da actividade do luns 25 de marzo será como segue:

### ELAS BRAVAS!



#### INTRODUCCIÓN (5 min. aprox.)

Presentación da actividade e diálogo inicial cos mozos e mozas asistentes. Repaso rápido dos contidos que van ver na sesión así como a temática desta, que desenvolveremos no cinefórum.

#### PROYECCIÓN (40 min. aprox.)

Proxección dos contidos que compoñen a sesión (explicados máis arriba): 5 pezas audiovisuais cuxo nexo de unión son as mulleres protagonistas, tanto a nivel de personaxes como de mulleres creadoras (directoras) á fronte dos proxectos audiovisuais. Trátase de 3 curtametraxes, 1 peza de non ficción e varias escenas dunha longametraxe.

#### ROLDA DE PREGUNTAS / DEBATE: CINEFÓRUM MOZO (25 min. aprox.)

A actividade post-proxección terá formato de cinefórum mozo, e comezará cunha rolda de preguntas xerais sobre que lles pareceron os contidos, na que iremos focalizando a nosa atención na análise destes.

No cinefórum estaremos acompañados pola directora de *Einstein-Rosen* Olga Osorio, que nos falará da súa curtametraxe e tamén do seu traballo como muller profesional da industria audiovisual.



## PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.

---



### TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas pola mediadora, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

### CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

ACTIVIDADE 1. ELAS BRAVAS!: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN. (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión. Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analizalas todos/as xuntos/as no cinefórum posterior.

ACTIVIDADE 2. COÑECENDO ÁS BRAVAS DO AUDIOVISUAL. (15 minutos aprox.)

Na 2ª parte da actividade falaremos da xustificación para esta sesión: a celebración do papel das mulleres no audiovisual, centrándonos no seu papel tanto como creadoras de contidos (directoras, guionistas, produtoras) como de protagonistas dos filmes, anuncios ou series de TV.

Podemos atopar sinxelamente mulleres protagonistas, fortes e independentes, nas películas actualmente en carteleira? En todo caso... Tantas coma homes? E que hai das mulleres creadoras? Credes que as historias soen estar contadas dende o punto de vista

dos homes ou pola contra as mulleres están o suficiente (e positivamente) representadas?)

Nesta parte da actividade tentaremos entón de presentar ao alumnado contidos feitos e protagonizados por mulleres pero ao mesmo tempo abrir o debate sobre a visibilidade destas no audiovisual. Centrarémonos por suposto na presentación da nosa convidada á sesión:

### Olga Osorio (Lugo, 1972)

---

Olga Osorio é profesora de Montaxe na facultade de Ciencias da Comunicación e de Dirección na Escola de Imaxe e Son de A Coruña.

As súas dúas primeiras curtametraxes, *reStart* (2015) e *Einstein-Rosen* (2016), foron estreadas en sección oficial no Festival de Sitges e seleccionadas en numerosos festivais internacionais como Fantasia, Paris International Fantastic Film Festival, Les Utopiales ou




BIFFF en Bruselas no caso de *reStart*, ou Seattle IFFF, NY Children IFF, Leuven, Palm Springs, Rhode Island, BIFAN ou Sapporo Short Film Festival no caso de *Einstein-Rosen*, entre outros. Os dous traballos, aínda en distribución, recibiron ata o momento máis de cincuenta premios nacionais e internacionais. Osorio tamén ten dirixido vídeos musicais como *Buscando a Superfama* (2015), *Mestre Mateo* e premio do xurado de Cans ao mellor videoclip en 2016, ou *Garden's Road* (2014), que obtivo

máis de 15 galardóns nacionais e internacionais, entre eles o *Mestre Mateo* ao mellor vídeo musical.

Na actualidade está inmersa na distribución da súa última produción, *Mouras*, seleccionada no I EuroConnection de Clermont-Ferrand en 2016.

## ACTIVIDADE 3. LABORATORIO DE CINEASTAS DO FUTURO (20 minutos aprox.)

Esta última parte dos talleres de mediación previos a cada sesión nos centros de ensino será común e transversal ás 5 citas de didácticos audiovisuais. Nela, ademais de tratar especificamente os contidos e temáticas da sesión correspondente, queremos dar ao alumnado unha pinceladas básicas sobre cuestións técnicas de linguaxe audiovisual e análise cinematográfica, adaptadas sempre ás idades dos/das participantes e dende un punto de vista dinámico e participativo (esta actividade será sempre un exercicio para facer en común)



Traballaremos arredor das seguintes cuestións:

- ◆ Linguaxe audiovisual: tipos de planos e posicionamento da cámara como elemento narrativo.
- ◆ O *storyboard* ou guión visual: como trasladar as historias a imaxes.
- ◆ Técnicas de interpretación e a súa evolución a través da historia do audiovisual: do *slapstick* ao *Dogma 95*.
- ◆ Xéneros cinematográficos: como contamos as historias? Da comedia ao cine negro.



## ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN ELAS BRAVAS!

Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á proxección da sesión *ELAS BRAVAS!*

### ACTIVIDADE 1: ALICE GUY, MULLER PIONEIRA DO CINE.

#### Traballo de investigación:

Moitas veces, tamén no mundo do cine, hai mulleres de grande importancia profesional pero que resultan descoñecidas para case todo o mundo. É o caso de *Alice Guy*.

Facendo un traballo de pescuda a través da rede elaboremos unha pequena ficha-mural con imaxes desta cineasta e un texto explicativo dos fitos máis importantes da súa carreira.

Despois desta pequena investigación debemos redactar un texto sobre a directora, de entre 200 e 250 palabras, resumo do investigado e xa reflectido na ficha-mural.



Ideas para comezar? Podedes botar un ollo a estas dúas referencias.

[https://elpais.com/cultura/2017/03/26/actualidad/1490534401\\_520954.html](https://elpais.com/cultura/2017/03/26/actualidad/1490534401_520954.html)

[https://es.wikipedia.org/wiki/Alice\\_Guy](https://es.wikipedia.org/wiki/Alice_Guy)

## ACTIVIDADE 2. CONTOS DE PRINCESAS

O **ESTEREOTIPO** da personaxe da princesa no cine evolucionou moito e cada vez vemos máis personaxes femininas que saen das características da rapaza que agarda por un príncipe e depende das decisións del.

Bota un ollo a esta secuencia da película *Cincenta* (Clyde Geromini, 1950):

[https://www.youtube.com/watch?v=36\\_Adv7rgkg](https://www.youtube.com/watch?v=36_Adv7rgkg)

E agora a esta secuencia da película *Brave* (Brenda Chapman e Mark Andrews, 2012):

<https://www.youtube.com/watch?v=1Mhz5jcHcHo>



As dúas son princesas, pero á protagonista da esquerda e á da dereita sepáranas nada menos que 60 anos.

**TRABALLO EN GRUPO..** En grupos de 4-5 compañeiros/as buscade diferenzas e similitudes entre estas dúas princesas. Poden ser de varios tipos, dende rasgos físicos, actitudes ou accións que desempeñan na secuencia.

DIFERENZAS	SIMILITUDES



Reflexiona! Pregunta para as rapazas da clase:


- 1.- Cal das dúas princesas nos gusta máis, a que soña co seu príncipe ou a que é valente e loita por si mesma?
- 2.- Con cal vos sentides máis identificadas?
- 3.- Parcévos positivo que nos 60 anos que separan *Cincenta* de *Brave* aparezan personaxes de mulleres e nenas que son fortes, valentes e depende de si mesmas?
- 4.- Que preferides ser, **PRINCESA** ou **LOITADORA**?

### ACTIVIDADE 3. SOBRE A CURTAMETRAXE SELFIE CAT / O GATO SELFIE.

Volvamos ver a curtametraxe *SELFIE CAT* (O gato selfie), podemos facelo no seguinte enlace:

<http://www.cgmeetup.net/home/selfie-cat-short-film/>

Imaxinemos que contamos esta historia como se fose un relato curto. Lembremos que esta é unha historia cunha protagonista feminina, é a rapaza o centro da acción. Podería comezar, por exemplo, así:



*Érase unha vez unha rapaza que tiña un gato ben bonito. Xuntos facían un gran equipo e ela era a raíña das redes sociais con fotos do más guay e cuqui. Pero un día outra rapaza, Roxy Gómez, púxose en primeira lugar cunha foto do máis molona e á nosa protagonista deulle tanta rabia que*

*quixo sacar unha foto aínda mellor co seu gato, que era o máis bonito do mundo...*


Valéndote da plantilla que adxuntamos ao final deste documento, e unha vez que xa sabemos que é un *storyboard* e as indicacións necesarias para elaborar un, crea un

guión gráfico do comezo desta historia, como se foras ti o director ou directora desta película. **CÉNTRATE SÓ NA PARTE QUE ACABAMOS DE DESCRIBIR AQUÍ.** Podes fotocopiar a plantilla para ter máis posibilidades de planos.

**NOTA PARA OS/AS DOCENTES:** Información complementaria sobre que é un *storyboard* e como traballar a partir del no enlace <http://www.jhonurbano.com/2013/01/que-es-el-storyboard-ejemplos.html>

#### ACTIVIDADE 4. CREANDO AOS PERSONAXES CON PODER.

Observemos a seguinte ilustración:



- Cal credes que é o seu significado?
- Que dous usos ten a tea violeta nesta ilustración, ao comezo e ao final?
- Podería esta muller estar encadrada na categoría de **HEROÍNA**?

- ◆ **TRABALLO INDIVIDUAL.** Cada un/unha de nós imos definir un PERSONAXE PROTAGONISTA DUNHA PELÍCULA, pode ser home ou muller.

Para isto imos decidir o sexo antes de nada, e despois pensar en 5 características (superpoderes se os ten) que vaia ter, tanto a nivel físico, como psicolóxico, tipo de personalidade, etc.

Imos apuntando no cadro seguinte:

PERSONAXE QUE ELIXIMOS.	CARACTERÍSTICAS / SUPERPODERES:
<p><u>HOME</u> OU <u>MULLER</u></p>	1.-
	2.-
	3.-
	4.-
	5.-

Despois de ter claro o tipo de personaxe que queremos imos debuxalo nunha folla de papel en branco, dándolle o maior número de detalles que poidamos. Por suposto, o noso debuxo debe coincidir coas características que eliximos, e todas elas deben estar reflectidas na folla debuxada.

- ◆ **TRABALLO EN GRUPO.** Imos agruparnos agora, por unha banda as persoas que eliximos un personaxe home e por outra as persoas que eliximos unha personaxe muller.

Cada grupo debe agora comparar as características dos seus personaxes. Entre as persoas de cada grupo **deben elixir 5 en total**, que serán escritas no encerado en cadansúa columna: unha para o **protagonista home/veno** e outra para a **protagonista muller/nena**.

REFLEXIONEMOS TODA A CLASE:



- Cal é o grupo máis numeroso, o que quere un protagonista **MASCULINO** ou **FEMININO**? Por que credes que é así?
- Que diferenzas atopamos entre o tipo de personaxes masculinos e o tipo de personaxes femininas que nos gustan?
- Que credes que “mola” máis, un **PROTAGONISTA HOME** ou unha **PROTAGONISTA MULLER**? Por que?

#### ACTIVIDADE 5. MULLERES INVISIBLES NO CINE.

Volvamos visionar o vídeo *Mulleres Invisibles*, de Rebeca Calle para a CIMA, a Asociación de Mujeres Cineastas y de Medios Audiovisuales:

<https://vimeo.com/121236766>

Nel falan mulleres profesionais do cine en distintas áreas. Rescatamos dous dos datos que aparecen no vídeo:

- 1.- “Los presupuestos de las películas dirigidas por mujeres son de media la mitad de los presupuestos de las películas dirigidas por hombres.”

2.- “En el cine español sólo el 7 % (7 de cada 100) de las películas están dirigidas por una mujer y sólo el 21 % (21 de cada 100) de las películas están producidas por una mujer.”

**PREGUNTA:** Parécevos xusto que as mulleres teñan menos cartos para facer as súas películas que os homes? E que só 7 de cada 100 películas estean dirixidas por unha directora? Que podemos facer nós para axudar a mudar isto?

◆ Por desgraza, isto non pasa só en España. Fixádevos por exemplo nos famosos premios OSCAR de Hollywood, que premian cada ano o mellor cine feito nos Estados Unidos. Estes premios véñense celebrando dende fai 90 anos e...

### ATENCIÓN!

Na listaxe de homes gañadores do Oscar á mellor dirección de películas: **89**.

Na listaxe de mulleres gañadoras do Oscar á mellor dirección de películas: **1**.

### PARÉCEVOS XUSTO?

Por certo, é tan importante o nome desta directora capaz de gañar un premio que só gañaran homes que vos animamos a que coñezados o seu nome. Podemos facelo co xogo do aforcado. Quen pode ser?

### O NOME DA DIRECTORA É:



**NOTA PARA OS/AS DOCENTES:** O nome da única directora gañadora dun Oscar é Kathryn Bigelow, pola película *En terra hostil* (2009)



## PLANTILLA DE STORYBOARD.

STORYBOARD OU GUIÓN GRÁFICO DUNHA PEZA AUDIOVISUAL.

Escena:			Escena:		
Escena:			Escena:		
Escena:			Escena:		

## CONTACTO:

Diego Vázquez Meizoso

Telf.: 646361471

Rebeca Mariño

650541978

Correo-e: [didacticosaudiovisuais@gmail.com](mailto:didacticosaudiovisuais@gmail.com)

